



RESOLUCIÓN do 17 de abril de 2018 da Dirección de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., pola que se regula o pacto sobre selección de persoal laboral temporal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, ubicada en Santiago de Compostela, subscrito coa representación do persoal laboral da devandita Unidade.

Estrutura do documento:

## **I. Normas xerais.**

- I.1. Obxecto.
- I.2. Ámbito de aplicación do pacto.
- I.3. Vixencia e denuncia do pacto.
- I.4. Réxime transitorio.
- I.5. Seguimento do pacto.

## **II. Selección das persoas aspirantes.**

A/ Normas xerais.

- II.1. Requisitos das persoas aspirantes.
- II.2. Ámbito de inscrición.
- II.3. Baremo.
- II.4. Procedemento de elaboración de listas.
  - II.4.1. Primeira inscrición.
  - II.4.2. Rexistro e acreditación de requisitos e méritos.
  - II.4.3. Actualización de méritos no mesmo posto.
  - II.4.4. Inclusión nun novo posto.
  - II.4.5. Xeración e publicación de listas.
  - II.4.6. Modificacións sobrevidas durante o período de vixencia dunha lista.

B/ Disposicións especiais.

- II.5. Contratos a tempo parcial.

## **III. Xestión de chamamentos.**

- III.1. Órgano competente.
- III.2. Orde de chamamentos.
- III.3. Lista activa.
- III.4. Realización e aceptación do chamamento.
- III.5. Suspensión de chamamentos.
- III.6. Situacións excepcionais para suspensión de chamamentos.
- III.7. Formalización do contrato e período de proba.



III.8. Rescisión de contratos.

III.9. Contratos a tempo parcial.

III.10. Criterios interpretativos.

#### **IV. Réxime de penalizacións.**

IV.1. Por renuncia ao contrato.

IV.2. Pola non superación do período de proba.

IV.3. Por incumprimentos leves ou graves.

IV.4. Reincorporación en lista.

IV.5. Excepcións ao réxime de penalizacións.

IV.6. Ámbito de aplicación das penalizacións.

#### **ANEXO I. Baremo**



## Pacto sobre selección de persoal laboral temporal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, xestionada por Galaria.

En Santiago de Compostela, a dirección xerencia de Galaria e a representación dos traballadores da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, acordan o presente pacto de selección de persoal laboral temporal co contido que a seguir se expón:

### I. Normas xerais.

#### I.1. Obxecto.

O presente pacto establece e regula o procedemento de selección das persoas aspirantes a contratos laborais de carácter temporal na Unidade de Radiofármacos PET Galicia de Santiago de Compostela, a través de listas elaboradas consonte baremo, así como a xestión dos chamamentos.

#### I.2. Ámbito de aplicación do pacto.

I.2.1. O presente pacto aplicarase a todos os contratos laborais temporais que resulte necesario formalizar nas diversas categorías profesionais da Unidade de Radiofármacos PET Galicia de Santiago de Compostela, da cal a xestión é competencia de Galaria:

POSTO	CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓNS ESIXIDAS
TÉCNICO/A LABORATORIO NON SANITARIO RF. TQL	Grupo 7: TÉCNICO FP SUPERIOR NON SANITARIO	<b>Familia Química:</b> Laboratorio de Análise e de Control de Calidade. <b>Familia Química:</b> Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns.
TÉCNICO/A DE MANTEMENTO RF. TML	Grupo 7: TÉCNICO FP SUPERIOR NON SANITARIO	<b>Familia Instalación e Mantemento:</b> Mecatrónica Industrial. <b>Familia Electricidade e Electrónica:</b> Electromedicina Clínica. <b>Familia Electricidade e Electrónica:</b> Mantemento Electrónico. <b>Familia Electricidade e Electrónica:</b> Sistemas Electrotécnicos e Automatizados. <b>Familia Electricidade e Electrónica:</b> Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos.
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN RADIOFARMACIA RF. ERF	Grupo 1.- FACULTATIVO ESPECIALISTA	Titulación de Especialista en Radiofarmacia.

#### I.3. Vixencia e denuncia do pacto.

O presente pacto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no DOG e terá unha duración de dous anos, prorrogándose automaticamente por sucesivos períodos dun ano, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao remate de cada ano natural.

De existir denuncia da vixencia deste pacto, prorrogarase a súa efectividade ata a formalización do novo pacto ou norma que o substitúa, tras a negociación correspondente.



#### **I.4. Réxime transitorio.**

En canto non se publiquen as listas definitivas de persoas aspirantes seleccionadas en aplicación dos criterios contidos no presente pacto, serán de aplicación respecto de cada categoría e para os chamamentos que resulte necesario efectuar as últimas listaxes confeccionadas e as normas de xestión contidas na regulación anterior correspondente.

#### **I.5. Seguimento do pacto.**

O seguimento do presente pacto será efectuado por unha comisión de seguimento, de composición paritaria composta por catro membros, en representación da empresa e dos traballadores.

I.5.1. A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

- Unificar e establecer os criterios de actuación e interpretación do presente pacto.
- Resolver en única instancia, sen prexuízo das reclamacións que procedan, as incidencias e controversias de afectación xeral que deriven da aplicación do pacto.
- Acordar as medidas de excepcionalidade que se consideren oportunas na aplicación da presente regulación ante situacións puntuais de indispoñibilidade de aspirantes.
- As demais explicitamente recoñecidas neste pacto.

I.5.2. A presidencia da comisión corresponderalle a un dos membros designados por Galaria, e actuará como secretario/a desta, con voz e voto, outro dos seus representantes. Nas votacións que se realicen, o voto do/da presidente/a será dirimente no caso de empate.

Considéranse partes implicadas os representantes da empresa e dos traballadores que formen parte da Comisión de Seguimento no momento da súa constitución, ou ben aqueles outros que fosen nomeados oficialmente como substitutos destes.

I.5.3. A Comisión reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario nas ocasións que se requira ou que sexa preciso.

A solicitude de convocatoria extraordinaria farase por escrito, cando polo menos un dos membros da Comisión así o requira, cunha antelación mínima de 48 horas, e facendo constar necesariamente a orde do día.

I.5.4. Os acordos adoptaranse por maioría dos presentes, requiríndose un quórum de tres persoas, sendo decisivo en caso de empate o voto do presidente.

## **II. Selección das persoas aspirantes.**

A/ Normas xerais.

### **II.1. Requisitos das persoas aspirantes.**

Poderán inscribirse nas listas que se elaboren en aplicación do presente pacto as persoas interesadas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade.



a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/das españois e dos/das nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e dos/das nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Idade: ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa.

O cumprimento da idade de xubilación forzosa suporá a baixa inmediata da condición de aspirante na lista.

c) Capacidade funcional: posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do/dos correspondente/s contrato/s.

En prol da protección da seguridade e saúde dos/das profesionais e da calidade asistencial, Galaria poderá requirir, en calquera momento, do órgano competente, con carácter previo ou no transcurso dalgunha vinculación, a verificación do mantemento da capacidade funcional das persoas aspirantes cando, por razón das ausencias destas no transcurso de vinculacións precedentes ou de calquera outra circunstancia, resulte necesario determinar a súa aptitude para futuros contratos.

Se como resultado da valoración se conclúise que a persoa aspirante non reúne a capacidade funcional necesaria, esta manterase en situación de suspensión de chamamentos na lista da categoría correspondente ata a recuperación do dito requisito. No entanto, a persoa aspirante suspendida poderá solicitar a revisión da súa capacidade funcional, de considerar que se produciu unha mudanza desta, ante o citado órgano.

d) Habilitación: non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non encontrarse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores.

e) Titulación: posuír a titulación esixida no apartado I.2 para cada posto, que habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela na data fin de valoración de requisitos do respectivo proceso de xeración de lista.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Para o desenvolvemento de actividades que impliquen a manipulación de material ou equipamentos radioactivos, as persoas aspirantes deberán estar provistas da oportuna licenza de operador ou supervisor concedida polo Consello de Seguridade Nuclear, no campo de aplicación de Medicina Nuclear ou Produción e Comercialización de Radiofármacos.

f) Aboamento das taxas por dereito de 1ª inscrición que, de ser o caso, correspondan.

As taxas deberán aboarse mediante ingreso nunha das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para facer efectivo o ingreso empregárase o impreso de autoliquidación que estará a disposición das/dos interesadas/os en calquera outro rexistro xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas no que non figure o selo da entidade bancaria, con indicación da data, determinará a exclusión da/do aspirante. En todo caso, o aboamento das taxas deberá realizarse no prazo establecido para a presentación das solicitudes.



Estarán exentas/os do pagamento das taxas as persoas que acrediten documentalmente, xunto coa instancia unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que figurasen como demandantes de emprego, desde polo menos seis meses antes de data publicación desta resolución, e non estean percibindo prestación ou subsidio por desemprego.

Tales circunstancias deberán ser acreditadas, respectivamente, mediante fotocopia compulsada da cualificación de discapacidade, a través do título oficial de familia numerosa, ou con certificación negativa de percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.

Poderase facer efectivo o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda ([www.conselleriadefacenda.es](http://www.conselleriadefacenda.es)) e, dentro desta, á lenda <Servizos e trámites>. Premerase entón a lenda <Pago telemático de taxas e prezos>. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

## II.2. Ámbito de inscrición.

A selección de persoal laboral temporal efectuarase a través dunha única lista por posto:

1. TÉCNICO/A LABORATORIO NON SANITARIO
2. TÉCNICO/A DE MANTEMENTO
3. FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN RADIOFARMACIA

Considérase compatible a inscrición simultánea en todas as Listas.

## II.3. Baremo.

II.3.1. A orde de prelación das persoas aspirantes na lista vén determinada pola puntuación que resulte da aplicación do baremo no posto correspondente, segundo o especificado no Anexo I.

II.3.2. Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse pola seguinte orde:

Primeiro. A aspirante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría, se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Segundo. A persoa aspirante que acredite maior puntuación na epígrafe de experiencia profesional.

Terceiro. O/a aspirante de maior idade.

II.3.3. Galaria, de oficio, en calquera momento, logo de audiencia da persoa interesada, poderá excluír ou rectificar a puntuación asignada a un/unha aspirante e, de ser o caso, a orde de prelación na lista, nos supostos en que se constate, pola documentación que integra o expediente, a indevida valoración dalgún/s mérito/s ou requisito ou calquera outro erro. Das rectificacións que se efectúen será informada a Comisión de Seguimento do Pacto.

## II.4. Procedemento de elaboración de listas.

As listas de selección de persoal laboral temporal reguladas no presente pacto terán carácter aberto e serán obxecto de actualización anual.

Non obstante, co obxecto de garantir a dispoñibilidade de profesionais nas diversas categorías, Galaria, logo de tratamento na Comisión de Seguimento do Pacto, no suposto en que se detecte unha insuficiencia de persoas aspirantes nunha lista, poderá acordar a súa xeración cunha periodicidade distinta á prevista na



epígrafe anterior.

#### II.4.1. Primeira inscrición.

II.4.1.1. Instancia de participación. As persoas interesadas en formar parte das listas deberán cubrir un formulario de inscrición, en modelo normalizado, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es/Recursos-Humanos/oficina-profesional-expediente-electronico-sergas](http://www.sergas.es/Recursos-Humanos/oficina-profesional-expediente-electronico-sergas)), que deberán presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento do procedemento administrativo común.

Na inscrición farase constar expresamente o/s posto/s a que opta.

II.4.1.2. Para a primeira xeración de listas, poderanse formalizar as solicitudes no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente pacto no Diario Oficial de Galicia. Os méritos computables serán os causados ata o 15 de abril de 2018 e que consten acreditados na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

II.4.1.3. Unha vez xeradas as primeiras listas, a inscrición será aberta e permanente. De rexistrar a inscrición en Fides/expedient-e con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes inicial, o/a aspirante figurará na seguinte xeración de listas que se efectúe nas respectivas categorías.

As persoas aspirantes poderán presentar a solicitude de inscrición nas listas en calquera momento, sen suxeición a prazo e serán incluídas no proceso anual de xeración de listas así como os méritos que consten rexistrados en Fides/expedient-e ata esa data.

#### II.4.2. Rexistro e acreditación de requisitos e méritos.

As persoas aspirantes deberán rexistrar no sistema de información Fides/expedient-e os requisitos de participación e méritos que posúan e acreditarlos documentalmente, preferiblemente ante a unidade de validación de Galaria, mediante orixinal ou copia compulsada, para cada mérito.

Verificada a citada documentación, validarase en Fides/expedient-e.

Non será necesaria a acreditación documental dos requisitos e méritos que aparezan validados no sistema de información Fides/expedient-e. Non obstante, Galaria en calquera momento poderá requirirle á persoa aspirante a acreditación documental de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

En cada xeración de listas que se efectúe os requisitos de participación irán referidos ao 31 de outubro. Tales requisitos deberá mantelos o/a aspirante ata a formalización, de ser o caso, do oportuno contrato.

Os méritos que se deberán valorar serán os causados ata o día 15 de outubro, este incluído, que consten debidamente rexistrados en Fides/expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada en 31 de outubro.

A falta de acreditación por parte da persoa interesada do cumprimento dos requisitos de admisibilidade consignados na solicitude de inscrición, na forma e tempo expostos, así como a consignación de datos falsos nela, suporá a perda do dereito a figurar inscrita na lista correspondente, sen prexuízo das demais responsabilidades que procedesen.

Os requisitos e méritos que non consten rexistrados en Fides/expedient-e na data fin de cada proceso de xeración non serán tidos en consideración para ese proceso.

#### II.4.3. Actualización de méritos no mesmo posto.

As persoas aspirantes que figuren na relación definitiva de admitidos/as dun posto na última lista en vigor elaborada a través de Fides/expedient-e e non desexen efectuar ningunha modificación nas condicións de participación no proceso anterior non terán a obriga de formalizar unha nova inscrición para resultar admitidas na seguinte xeración de listas que se efectúe.

Se a persoa aspirante desexa efectuar algunha modificación nas condicións de participación no último



proceso, deberá efectuar esta a través da Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e) no formulario de inscrición habilitado para o efecto (inscrición editable).

Só no suposto de que a modificación introducida requira a presentación de documentación, do cal se advertirá pola aplicación informática, o/a aspirante virá obrigado/a a presentar a solicitude nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento do procedemento administrativo común.

As modificacións introducidas producirán efectos na seguinte xeración de listas que se efectúe.

As persoas aspirantes poderán actualizar os seus méritos na forma e prazos que se indican no punto II.4.2.

#### II.4.4. Inclusión nun novo posto.

As persoas aspirantes que figuren na relación definitiva de admitidos/as dun posto na última lista en vigor elaborada a través de Fides/expedient-e e desexen inscribirse ademais nun posto diferente terán a obriga de formalizar unha nova inscrición para resultar admitidas na seguinte xeración de listas que se efectúe.

As persoas aspirantes poderán inscribirse na forma e prazos que se indican no punto II.4.2.

#### II.4.5. Xeración e publicación de listas.

Coa información que conste en Fides expedient-e en data 31 de outubro de cada ano elaboraranse e publicaranse na páxina web do Servizo Galego de Saúde e de Galaria as listas de aspirantes a contratos temporais nas diversas categorías.

A Dirección de Galaria anunciará na páxina web do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, a publicación das listas e a súa data de efectos, e manteranse vixentes ata a dita data as listas inmediatamente anteriores. O citado anuncio conterá, ademais, referencia expresa aos recursos que procede interpor, órgano competente para o seu coñecemento e prazos de interposición e resolución.

Con carácter xeral, entre a publicación da lista definitiva actualizada e a vixente inmediatamente anterior non mediará máis dun ano.

#### II.4.6. Modificacións sobrevidas durante o período de vixencia dunha lista.

II.4.6.1. A modificación de datos persoais poderá efectuala en calquera momento a persoa aspirante, e producirá efectos na xestión das listas desde o día seguinte á data de modificación.

II.4.6.2. As persoas aspirantes poderán renunciar a unha inscrición vixente mediante solicitude escrita dirixida á mesma unidade de validación da inscrición e que deberán presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento do procedemento administrativo común.

B/ Disposicións especiais.

### II.5. Contratos a tempo parcial.

As persoas interesadas que soliciten a inclusión nas listas reguladas no presente pacto deberán facer constar no espazo habilitado para o efecto no modelo de instancia previsto na cláusula II.4.1, a voluntaria aceptación ou non das ofertas de contratos a tempo parcial.

En defecto de consignación expresa, entenderase que a persoa aspirante acepta voluntariamente a formalización do dito tipo de contratos.





### III. Xestión de chamamentos.

#### III.1. Órgano competente.

III.1.1. O chamamento das persoas aspirantes será efectuado por Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios. A formalización do contrato será efectuada por esta mesma entidade e as condicións laborais estarán regladas polo *Convenio Colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia, xestionado por Fundacións Públicas ou Empresas Públicas*.

#### III.2. Orde de chamamentos.

Os chamamentos efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de puntuación acreditada polas persoas aspirantes en cada posto, sen prexuízo dos supostos de suspensión previstos no presente pacto.

A persoa aspirante que resulte chamada para formalizar contratos de carácter temporal deberá reunir, na data de formalización de cada contrato, os requisitos exixidos na cláusula II.1.1 do presente pacto.

#### III.3. Lista activa.

III.3.1. Os chamamentos efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de puntuación entre aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión da correspondente **Licenza en vigor** do CSN.

III.3.2. De non existir aspirantes dispoñibles coa pertinente Licenza, acudirase a aqueles/as candidatos/as que acrediten a **superación do curso de operador ou supervisor** (segundo corresponda) do CSN, respectando a orde de prelación na Lista.

III.3.3. Todos aqueles aspirantes que non teñan acreditado a súa capacitación como operador ou supervisor (segundo corresponda) de IIRR perante o CSN no momento da xeración de Lista permanecerán inactivos/as para ofrecementos de contratos, respectando a súa orde na Lista, á espera da súa acreditación.

III.3.4. No suposto de non existir aspirantes dispoñibles nunha determinada Lista coa correspondente Licenza en vigor nin tampouco teñan acreditado a superación do pertinente curso do CSN, procederase da seguinte forma:

III.3.4.a) En primeiro lugar efectuarase o chamamento a favor daquelas persoas aspirantes que tivesen aportado a correspondente acreditación da Licenza en vigor de operador ou supervisor (segundo corresponda) expedida polo *Consejo de Seguridad Nuclear* a través de Fides/expedient-e ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor nese momento.

III.3.4.b) De persistir a indispoñibilidade de candidatos, efectuarase o chamamento a favor daquelas persoas aspirantes que tivesen aportado a correspondente acreditación da superación do curso de operador ou supervisor (segundo corresponda) de IIRR a través de Fides/expedient-e ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor nese momento.

III.3.5. A ordenación dos/das aspirantes nos casos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes efectuarase en primeiro lugar tendo en conta a puntuación acadada polo/a aspirante na última xeración de lista, en caso de empate terase en conta a data de inscrición en Fides/expedient-e da Licenza correspondente, de persistir o empate, terase en conta a data de inscrición en Fides/expedient-e da acreditación de superación do curso do CSN correspondente.

#### III.4. Realización e aceptación do chamamento.

III.4.1. O chamamento das persoas aspirantes realizarase mediante comunicación telefónica rexistrada que deixará constancia da data e das horas en que se efectúa, o obxecto da chamada así como a identidade da persoa que a realiza.



A persoa que efectúe o chamamento fará constar a identidade da persoa receptora da chamada, de ser distinta da persoa aspirante.

III.4.2. Nos chamamentos para contratos de corta duración e/ou carácter urxente efectuaranse dúas chamadas. Se realizadas estas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. Nestes supostos, se o chamamento se efectúa cunha antelación inferior a 3 horas ao inicio da prestación de servizos, a aceptación será voluntaria para o/a aspirante en primeiro chamamento e obrigatoria en segundo chamamento.

III.4.3. Nos restantes chamamentos en que medie un prazo de antelación suficiente á data de inicio do contrato, efectuaranse un mínimo de tres chamadas, nas cales se procurará que o intervalo entre cada unha delas non sexa inferior a 15 minutos. A realización das ditas chamadas sen que fose posible a localización da persoa aspirante habilitará para continuar os chamamentos pola orde correspondente.

III.4.4. Cando se trate de contratos a tempo parcial, a aceptación será voluntaria para o/a aspirante en primeiro chamamento e obrigatoria en segundo chamamento.

III.4.5. Con carácter xeral, a persoa aspirante localizada deberá comunicar a aceptación do contrato proposto no momento do chamamento, agás en supostos excepcionais en que, a criterio do órgano que efectúe o chamamento e sempre que medie un prazo de antelación suficiente ao inicio do contrato, dito prazo poida ser ampliado.

A falta de confirmación pola persoa aspirante nos prazos indicados, así como o rexeitamento ao contrato proposto, sen causa xustificada, penalizaranse nos termos dispostos na cláusula IV do presente pacto.

III.4.6. O/s teléfono/s que figure/n no sistema informático expedient-e profesional consideraranse os únicos válidos a efectos de chamamentos, e serán responsabilidade exclusiva da persoa solicitante os erros na consignación destes e a comunicación de calquera cambio que se produza en ditos datos.

III.4.7. O persoal de Galaria responsable de efectuar os chamamentos informará ás persoas aspirantes sobre as características e condicións dos contratos que se ofrecen.

### III.5. Suspensión de chamamentos.

III.5.1. Réxime xeral.

III.5.1.1. Causas. Poderá solicitarse a suspensión de chamamentos, sen penalización, nos seguintes supostos:

a) Maternidade, paternidade e adopción legal nunha duración equivalente ao período legalmente establecido para as ditas situacións.

b) Coidado de fillos/as menores de 12 anos ou familiares ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen actividades retribuídas e demais supostos previstos na lexislación vixente en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e conciliación da vida persoal, familiar e profesional, de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas.

c) Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada por parte médico emitido por facultativo do Sistema público de saúde en que se determine a incapacidade daquela para o desempeño de actividade laboral e nunha duración máxima equivalente á prevista na normativa legal para a situación de incapacidade temporal.

d) Exercicio de funcións de representación sindical ou cargo público representativo.

e) Matrimonio ou unión de feito en análoga relación de afectividade, debidamente acreditados mediante documento público.

f) Desenvolvemento dunha praza ou posto de traballo, mediante contrato laboral ou nomeamento administrativo. Deberá achegarse copia destes.

g) Participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional.

h) Por asistencia, debidamente xustificada, a cursos académicos oficiais.



i) Por situación de risco durante o embarazo ou lactancia.

k) Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Comisión Central de Seguimento do pacto.

III.5.1.2. **Acreditación:** a persoa aspirante en quen concorran algunhas das causas de suspensión previstas na cláusula anterior deberá comunicar e acreditar debidamente a súa concorrencia ante o órgano competente para efectuar o chamamento, no momento en que se produza a circunstancia alegada; en todo caso, con anterioridade á formalización do oportuno contrato.

III.5.1.3. **Prazo.** A suspensión de chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o remate da causa de suspensión e sexa aceptada a súa reposición na lista.

Para tal efecto, a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición ante Galaria para efectuar o chamamento.

As reposicións en lista derivadas das solicitudes presentadas entre o día 1 e 15 de cada mes activaranse con efectos do día 1 do mes seguinte e as presentadas entre o día 16 e o último día de cada mes faranse efectivas o día 15 do mes seguinte.

Informarase a Comisión de Seguimento do Pacto, en función do ámbito do chamamento, das suspensións e reposicións na lista que se acorden.

III.5.2. Suspensión de chamamentos de reactivación automática.

III.5.2.1. Como excepción ao réxime xeral, constitúen motivos de suspensión de chamamentos, por solicitude da persoa aspirante, sen penalización e de reactivación automática, os seguintes:

1. Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Duración da suspensión: á opción da persoa aspirante, ata un máximo de 3 días naturais contados desde o feito causante, este incluído.

Acreditación: acreditarase tal circunstancia mediante:

– Documento xustificativo do falecemento.

– O grao de parentesco acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do rexistro civil ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

2. Hospitalización por enfermidade grave de familiar ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

Duración da suspensión: á opción da persoa aspirante, ata un máximo de 3 días naturais contados desde o feito causante, este incluído.

Acreditación: acreditarase tal circunstancia mediante:

– Documento xustificativo da hospitalización.

– O grao de parentesco acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do rexistro civil ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

3. Cumprimento dun deber público inescusable.

O deber inescusable deberá ser persoalísimo, sen posibilidade de execución por medio de representante ou substituto ou noutra data distinta.

Para estes efectos, enténdese por deber inescusable de carácter público:

– A comparecencia obrigatoria por citación instada por órganos xudiciais ou calquera outro organismo oficial.

– A integración dunha mesa electoral.

– A asistencia a reunión dos órganos de goberno ou comisións derivados dun cargo electivo.

– Calquera outra obriga cuxo incumprimento xere ao/á interesado/a unha responsabilidade de orde civil, penal ou administrativa.



Duración: o día correspondente ao exercicio da actividade inescusable.

Acreditación: acreditarase tal circunstancia mediante orixinal ou copia compulsada da citación ou convocatoria do órgano xudicial, órgano administrativo, órgano de goberno ou calquera outro órgano oficial de que se trate ou das comisións dependentes deles. Se é o caso, documento acreditativo da integración dunha mesa electoral.

4. Consulta médica nun centro de atención especializada do Servizo Galego de Saúde do/da aspirante, fillos/as menores de idade e persoas maiores ao seu cargo. Para estes efectos, considéranse persoas maiores a cargo da persoa aspirante os/as familiares de primeiro grao que, pola súa idade ou estado de saúde, non se poidan valer por si mesmos para acudir á consulta.

Duración: o día da consulta.

Acreditación: acreditarase tal circunstancia mediante o documento xustificativo do centro sanitario acreditativo de presenza neste do suxeito causante na data da suspensión e o grao de parentesco do solicitante da suspensión con aquel.

5. A concorrencia a exames de probas selectivas de persoal convocadas polas administracións públicas ou exames liberatorios de titulacións académicas oficiais.

Duración: o día do exame.

No suposto de probas selectivas ou exames liberatorios de titulacións académicas oficiais que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, á opción da persoa aspirante, ata un máximo de dous días naturais, un deles o correspondente á realización do exame.

Acreditación: acreditarase tal circunstancia mediante certificación orixinal asinada polo órgano convocante en que se faga constar a asistencia do aspirante á proba.

6. Por asuntos propios sen xustificación, por unha soa vez ao ano e cunha duración máxima de 30 días naturais. Esta suspensión deberá solicitarse cunha antelación mínima de 15 días á data da súa efectividade, a súa autorización queda condicionada á existencia de suficientes aspirantes dispoñibles na lista e en ningún caso poderá abranguer o período estival, Nadal e Semana Santa.

III.5.2.2. Efectos comúns: nestes supostos, a reincorporación na lista da persoa aspirante producirase de forma automática, segundo o suposto, ao día seguinte da finalización da duración prevista para cada unha das causas de suspensión.

A persoa aspirante en que concorra algunha das causas de suspensión previstas nos parágrafos anteriores deberá comunicar e acreditar a súa concorrencia na forma exposta segundo o suposto ante o órgano competente para efectuar o chamamento, no prazo máximo de catro días hábiles contados desde a data do feito causante.

III.5.3. A falta de acreditación no prazo e forma expostos determinará a aplicación das penalizacións previstas no apartado IV.1. do presente Pacto.

III.5.4. Extensión de efectos. A suspensión de chamamentos estenderase a todas as listas en que figure inscrita a persoa aspirante.

III.5.5. Sen prexuízo do disposto nos puntos III.4.1 e III.4.2 e co obxecto de garantir o normal funcionamento da Unidade, Galaria poderá limitar temporalmente a autorización de novas suspensións nos supostos de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nunha concreta categoría.

### **III.6. Situacións excepcionais para suspensión de chamamentos.**

Cando por calquera causa o ofrecemento dunha nova contratación entre en contradición coa normativa laboral vixente, considerarase motivo de suspensión de chamamentos de aplicación automática por Galaria, sen penalización e de reactivación automática.

Informarase á Comisión de Seguimento de calquera situación excepcional referida a suspensións de chamamentos.



### III.7. Formalización do contrato e período de proba.

III.7.1. Galaria expedirá a favor da persoa aspirante que acepte o chamamento o oportuno contrato laboral na modalidade que corresponda conforme a normativa vixente.

III.7.2. Nos contratos que se expidan estipularase o período de proba legalmente establecido no *Convenio Colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia, xestionado por Fundacións Públicas ou Empresas Públicas*, durante o cal será posible a resolución da relación laboral por instancia de calquera das partes.

Cando unha persoa non supere o período de proba legalmente establecido no convenio de aplicación, observarase o disposto na cláusula IV.2 do presente pacto.

Estarán exentas do período de proba as persoas aspirantes que xa o tivesen superado con ocasión de anteriores contratos temporais para realizar funcións das mesmas características en Galaria e nos dous anos anteriores á expedición do novo contrato.

### III.8. Rescisión de contratos.

De constatare un erro material ou de feito no chamamento e posterior contrato en favor dunha persoa que pola súa orde de puntuación non lle corresponde, no prazo dos quince días seguintes ao inicio do mesmo seralle rescindido o contrato expedido.

Así mesmo, constituirá causa de rescisión do contrato e de sanción a falta de incorporación efectiva do profesional ao desenvolvemento das funcións propias do posto para o cal foi designado.

### III.9. Contratos a tempo parcial.

1. O chamamento para formalizar contratos a tempo parcial efectuarase a favor das persoas aspirantes que non se manifestasen expresamente en contrario, nos termos da cláusula II.5 do presente pacto, a súa opción de dispoñibilidade á formalización do dito tipo de vínculos. Nos chamamentos que se efectúen respectarase a orde de puntuación das persoas aspirantes.

O rexeitamento, sen causa xustificada, á proposta de contrato efectuada penalizarase nos termos dispostos no punto IV.1 do presente pacto.

2. Nos supostos de indispoñibilidade de profesionais que non manifestasen expresamente a súa negativa á formalización de contratos a tempo parcial, os chamamentos efectuaranse entre as persoas aspirantes que figuren inscritas na lista do respectivo posto, con independencia da opción formulada e seguindo rigorosamente a orde de puntuación. A renuncia ao contrato proposto penalizarase nos termos do apartado IV do presente pacto.

### III.10. Criterios interpretativos.

#### 1. Contratos de longa duración.

Os contratos laborais temporais de interinidade en praza vacante para a súa cobertura namentres no se realice o proceso selectivo, presumiranse de longa duración.

Os contratos laborais de interinidade por substitución dunha traballadora en situación de risco por embarazo non terán tal consideración.

#### 2. Rescisión das interinidades por substitucións.

O cesamento do/da substituto/a producirase cando se reincorpore a persoa a quen substitúa ou cando o titular perda o seu dereito á reincorporación á mesma praza ou función. No suposto en que se produza o cambio da causa que da lugar á reserva da praza do titular sen mediar alta do traballador corresponderalle ao candidato/a que estivera ata o momento cubrindo o posto.



## IV. Réxime de penalizacións.

### IV.1. Por renuncia ao contrato.

Será penalizada, pasando ao cabo da lista da súa categoría, a persoa aspirante que renuncie por primeira vez a unha oferta de vinculación ou contrato xa formalizado, sen causa xustificada.

No caso de concorrer unha segunda renuncia, será penalizada coa exclusión da citada lista.

A penalización acordada terá unha duración dun ano, contado desde que a medida se fai efectiva, e será notificada á persoa aspirante.

O réxime de penalización previsto nos parágrafos anteriores aplicarase, así mesmo, ás persoas aspirantes que, no prazo que se indica na cláusula III.3, non comuniquen a aceptación da proposta de contrato ou non atendan dez ou máis chamadas para oferta de vinculación/s realizadas no intervalo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte a aquel en que se efectúe a primeira chamada non atendida.

### IV.2. Pola non superación do período de proba.

Cando a unha persoa se lle rescinda o contrato pola non superación do período de proba, quedará automaticamente excluída da lista.

A Comisión de Seguimento do Pacto poderá, motivadamente, revisar a aplicación de tal medida de exclusión naqueles supostos en que, polas circunstancias concurrentes, se considere oportuno, así como acordar as medidas adicionais que se consideren convenientes.

O Departamento de Recursos Humanos de Galaria deberá comunicar á Comisión de Seguimento do Pacto, no prazo dos dez días seguintes, os cesamentos que se produzan por tal motivo, e de existiren, as circunstancias que razoablemente motiven a revisión da medida de exclusión prevista no parágrafo primeiro.

Nos supostos de cesamento por non superación do período de proba en que se teña manifestado unha falta de pericia do profesional na realización de técnicas ou tarefas básicas da categoría para a que resultou nomeado, a Dirección de Galaria poderá ofrecer á persoa interesada a realización dun ciclo de prácticas tuteladas, e deberá informar da súa realización e dos resultados desta á Comisión Seguimento do Pacto, para os efectos do disposto no parágrafo segundo da presente cláusula.

### IV.3. Por incumprimentos leves ou graves.

Cando os/as aspirantes incorran nalgunha falta segundo se tipifican no réxime disciplinario do vixente Convenio colectivo de aplicación, as sancións serán as seguintes:

- Leve: Envío ó final da Lista, durante un período de seis meses (120 días) dende a firmeza da sanción.
- Grave ou moi grave: Exclusión da Lista de Contratación.

### IV.4. Reincorporación en lista.

As persoas aspirantes excluídas poderán solicitar autorización para reincorporarse á lista ante a Dirección Recursos Humanos de Galaria. O dito órgano resolverá expresamente as solicitudes presentadas, logo do seu tratamento na Comisión de Seguimento do Pacto. Na falta de resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Non procederá a citada autorización se a causa de exclusión das listas deriva dun incumprimento disciplinario constitutivo de falta moi grave ou causa penal.



#### **IV.5. Excepcións ao réxime de penalizacións.**

IV.5.1. Admitirase a renuncia, sen penalización, a un ofrecemento de contrato ou a un contrato xa formalizado cando a/o aspirante acredite ter outra proposta firme de contrato que sexa considerada mellor que a ofertada por Galaria, é dicir, en calquera destes dous supostos:

- A.- Dun 50% de tempo máis.
- B.- Dun mes máis.

IV.5.2. As persoas aspirantes que estean vinculadas por un contrato a xornada completa cun contrato de longa duración (interinidade en praza vacante), consonte as listas convocadas ao abeiro do Pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista figuren como aspirantes nun posto distinto, non serán chamadas pola nova lista mentres se manteña tal vinculación.

Agora ben, sempre que o/a aspirante manfeste por escrito ante Galaria o novo posto no que figure inscrito, dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas, chamarase para calquera vinculación que lle corresponda polo seu número de orde na nova categoría.

A aceptación da oferta de contrato na nova categoría comportará a renuncia á vinculación na que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de contrato na nova categoría tampouco comporta penalización por esta causa.

IV.5.3. As persoas aspirantes que estean vinculadas por un contrato a tempo parcial a Galaria consonte as listas convocadas ao abeiro do Pacto de selección temporal, e que coa entrada en vigor dunha nova lista manifestasen na súa solicitude a vontade de non aceptar a realización de contratos a tempo parcial, non poderán renunciar voluntariamente ao referido vínculo, agás que se formalice un chamamento referido a un vínculo a xornada completa en praza vacante.

Non obstante, sempre que o/a aspirante o manfeste por escrito ante o órgano responsable de realizar os chamamentos dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor das novas listas (logo de acreditación da existencia de aspirantes dispoñibles para contratos a tempo parcial na lista da mesma categoría e ámbito territorial), será chamado/a para calquera vinculación a xornada completa que lle corresponda polo seu número de orde na nova lista.

A aceptación da oferta de contrato a xornada completa na nova lista suporá a renuncia á vinculación en que figuraba anteriormente, sen que sexa obxecto de penalización por esta causa.

A non aceptación da oferta de contrato a xornada completa na nova lista comporta a aplicación do réxime penalizador disposto no Pacto de selección temporal.

#### **IV.6. Ámbito de aplicación das penalizacións.**

As penalizacións afectarán exclusivamente á Lista na que a persoa aspirante incorra nalguna das causas anteriormente descritas, agás nos casos das faltas graves ou moi graves, que suporán á exclusión definitiva do/da aspirante en todas as Listas nas que figure inscrito/a.



## ANEXO I

### Baremo

A ordenación das persoas aspirantes na lista efectuarase consonte a prelación que resulte da aplicación do seguinte baremo:

#### a) Experiencia profesional.

a.1) Por cada mes completo de servizos prestados **no mesmo posto** ao que opta en Unidades de Radiofarmacia/Laboratorios farmacéuticos de produción de radiofarmacos PET (CICLOTRÓN), en institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, de fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais ou en institucións sanitarias públicas na UE/Suíza e Espazo económico europeo: 0,15 puntos.

a.2) Por cada mes completo de servizos prestados **no mesmo posto** ao que opta en Unidades de Radiofarmacia/Laboratorios farmacéuticos de produción de radiofarmacos PET (CICLOTRÓN), en institucións sanitarias privadas de España, a UE/Suíza e Espazo económico europeo: 0,10 puntos.

a.3) Por cada mes completo de servizos prestados **no mesmo posto** ao que opta en Unidades de radiofarmacia convencional, en institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, de fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais ou en institucións sanitarias públicas na UE/Suíza e Espazo económico europeo: 0,07 puntos.

a.4) Por cada mes completo de servizos prestados **no mesmo posto** ao que opta en Unidades de radiofarmacia convencional, en institucións sanitarias privadas de España, a UE/Suíza e Espazo económico europeo: 0,04 puntos.

Os meses serán computados por días naturais.

O cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada apartado do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, despreciándose os decimais.

En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos contratos dentro do mesmo mes natural, poderá valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso, un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintos apartados do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dun posto.

A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título esixido para o acceso á categoría.

Os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada para o coidado de familiares, serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente contratado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período, a/o interesada/o acredite distintos contratos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

O período de formación para a obtención do título de especialista, non poderá ser valorado como tempo de servizos prestados.





Os períodos de permiso sen soldo, así como a permanencia en situación de servizos especiais, valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados para os efectos deste baremo.

A puntuación máxima que se conseguirá nesta epígrafe será de 40 puntos.

#### b) Formación continuada.

b.1) Valorarase a asistencia debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento, sempre que teñan un contido relacionado **coas funcións propias do posto** e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta a razón de:

- Por crédito CFC: 0,030 puntos
- Por hora: 0,0030 puntos

1. Acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde, créditos CFC.
2. Convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público.
3. Cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o acceso ao posto a que se opta.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios, talleres ou similares, agás que estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica.

Queda tamén excluído da valoración as horas formativas do **curso de operadores/supervisor de instalacións radioactivas (campo de medicina nuclear)** xa que unicamente se terá en conta a obtención da licenza do CSN ou, no seu defecto, a superación do exame formativo proposto polo Consejo de Seguridad Nuclear.

A puntuación máxima que se conseguirá nesta epígrafe será de 15 puntos.

#### c) Coñecemento do idioma galego.

c.1) Valorarase nesta epígrafe o coñecemento polos/as aspirantes do idioma galego no nivel Celga 4 ou equivalente conforme certificación oficial regulada na Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de xullo), segundo modificación efectuada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, cunha puntuación de 5 puntos.